ORIENTACIÓNS
CORO E TÉCNICA VOCAL II

O deseño competencial da Proba de Acceso á Universidade (PAU) implica que se avalíe a capacidade do alumnado para poñer en xogo os coñecementos adquiridos ao longo do bacharelato, co obxectivo de resolver as situacións e cuestións presentadas nas diferentes preguntas da proba. Partindo deste principio, e da avaliación dos resultados obtidos polo alumnado nas probas PAU 2025 e 2026, o grupo de traballo estableceu a continuidade dos documentos de Orientacións e Contidos que se tiñan publicado para a anterior convocatoria, coas mínimas actualizacións. Si pareceu oportuno engadir un Glosario de Termos dirixido ás cuestións presentadas na pregunta 4, contendo termos xerais da práctica coral e tamén referidos particularmente aos contidos orientativos correspondentes ás preguntas 2 e 3 do mesmo modelo de exame. En definitiva, logo de dous cursos avanzando no deseño competencial da proba, para a convocatoria de 2026 óptase por afianzar as orientacións e contidos dos que xa ven dispoñendo o profesorado e o alumnado.

Os contidos previstos para a preparación da proba son os establecidos no currículo da materia, de acordo cos bloques descritos na normativa básica do Estado e de modo máis específico na normativa autonómica (Decreto 157/2022) que para Coro e Técnica Vocal II, distribúense en tres bloques: Bloque 1 Análise; Bloque 2 Técnica Vocal; Bloque 3 Práctica de conxunto. As preguntas presentadas no Modelo de Exame, atenden a estes bloques a veces de xeito único (un único bloque) e outras de xeito mixto (máis de un bloque), e igualmente o fan demandando respostas que poden ser abertas, semiabertas ou pechadas. No caso do bloque 3, Práctica de conxunto, as limitacións que veñen determinadas pola loxística da realización da proba, aconsellan optar por respostas semiabertas ou pechadas.

Observarase que as preguntas teñen tamén un alcance competencial diverso e como xa se advertira nas orientacións para as convocatorias anteriores, xunto con preguntas de un perfil competencial baseado na relación de conceptos e creación de respostas orixinais con un carácter aberto, preséntase preguntas de perfil máis centrado na asimilación de conceptos pechados e definicións. En consecuencia, estas orientacións acompáñense cos documentos de “Contidos”, relacionados cos diversos bloques e competencias que se avalían, de xeito que se facilite o traballo de docentes e estudantes para a preparación da proba.